



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### MUROS

*Corrección de erro nas bases reguladoras do proceso selectivo para creación dunha bolsa de emprego na praza de peón especialista*

#### ANUNCIO

Advertido un erro na Resolución desta Alcaldía núm. 55/2025 de 23 de xaneiro, na que se aproban as bases reguladoras e a convocatoria do proceso selectivo para creación dunha bolsa de emprego para a contratación laboral temporal da praza de peón especialista, (Grupo IV), do Concello de Muros, publicadas no BOP núm. 19 do 29 de xaneiro de 2025, procédese a súa corrección:

Onde di: c) *Estar en posesión do carné de conducir tipo C ou C1.*

Debe dicir: c) *Estar en posesión do carné de conducir tipo B.*

Considerando o disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e en virtude das atribucións conferidas polo artigo 21.1h) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

#### RESOLVO:

PRIMEIRO. Corrixir a resolución nos termos expostos, quedando a seguinte redacción no parágrafo obxecto de corrección:

#### “SEGUNDA. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

*Para formar parte deste proceso selectivo as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos referidos todos e cada un deles na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes de participación e mantelos ata o momento da formalización do contrato laboral:*

a) *Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), para os nacionais doutros estados.*

b) *Posuír ou estar en condición de obter título de graduado en ESO, equivalente ou superior.*

c) *Estar en posesión do carné de conducir tipo B.*

d) *Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza a cubrir.*

e) *Non estar separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de persoal laboral/funcionariado no que estivese separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.*

f) *Posuír un título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega CELGA 2. En todo caso, e con arranxo ao previsto no art.51.2 da LEPG as persoas aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento que en ningún caso computará como mérito. A tales efectos, estas persoas deberán sinalar na súa solicitude de participación no proceso selectivo esta circunstancia. Esta proba cualificarase como apta ou non apta. No caso de que esta proba sexa cualificada como non apta, a persoa candidata será excluída do proceso de selección.”*

SEGUNDO. Establecer o prazo para a presentación de solicitudes de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación desta corrección no Boletín Oficial da Provincia.

TERCEIRO. Publicar esta corrección das bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica deste Concello: sede.muros.gal,

Muros, 30 de xaneiro de 2025

A alcaldesa,

María Lago Lestón